



NORMATIVA PROMOCIÓN E TITULACIÓN ESO CURSO 2023-24

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

(DOG martes, 13 de xuño de 2023)

Artigo 28. **Promoción**

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado **que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarán de xeito independente.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou alumno, sempre que se cumpran **todas** as condicións seguintes:

a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.

b) Que a **suma dos períodos lectivos semanais** establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, **das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez**. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.



5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para esta etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Artigo 29. **Titulación**

2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.**
- b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.**
- c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou alumno alcanzase os obxectivos da etapa.**

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.



Artigo 31. **Matrícula de honra**

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha **nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos** poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, **como máximo**, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao **5 % do total** de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Artigo 13. **Matrícula de honra**

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, **as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de Relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media** para os efectos da mención de matrícula de honra.